



EXPDTE	CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN 2015-2019.
TRÁMITE	Sesión organizativa ex 38 ROF. Proposta respecto periodicidade sesións Pleno.

De conformidade co sinalado no art. 38 do RD 2568/1986, corresponde determinar na sesión organizativa, a celebrar dentro dos 30 días seguintes á constitución da Corporación, entre outros puntos, a periodicidade das sesións do pleno.

De acordo cos arts. 46.2 da Lei 7/1985, 210 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, 57.2 do ROP e 78 do ROF, o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria todos os meses do ano, nos día se horas que el mesmo determine, a proposta da Alcaldía e previa audiencia das cabeceiras das candidaturas ou da Xunta de Portavoces, de atoparse constituída.

Xa que logo, consultada a Xunta de Portavoces nas súas sesións desta do 15 e 16.06.15, PROPONSE a adopción polo Pleno do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesións ordinarias o penúltimo luns de cada mes, **ás 11 horas**. Esta data variará, e poderá alterarse, de coincidir tal día en festivo ou tratarse dos meses de agosto ou decembro, de acordo co establecido no art. 57 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións.

Segundo.- Non obstante, facúltase á Xunta de Portavoces para que, puntualmente, poda alterar a data dalgunha sesión ordinaria, sempre que se celebre no mesmo mes.

Terceiro.- Establecer como sede para a realización de tódalas sesións plenarias o Salón de Butacas do Teatro Principal deste Concello, por persistir as circunstancias que motivaron a súa habilitación para este fin pola anterior Corporación.

Pontevedra, 17.06.2015
O ALCALDE

Miguel Anxo Fernández Lores

